



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Decembro 2022

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 5,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 25 puntos inferior á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 11,1%, 2,8 puntos menos que no mes anterior.
- No ano 2022, o indicador de actividade medra un 26,0% en Galicia e un 19,9% no conxunto de España.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no ano 2022.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,2% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- No conxunto do ano, a ocupación aumenta un 2,5% en Galicia e un 3,9% no conxunto do Estado
- En todas as comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no ano 2022.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un incremento do 5,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 25 puntos inferior á do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 11,1%, 2,8 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 7,4%, suma 5,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 1,8% e achegan 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 11,2% e nos *Outros servizos* o 11,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 6,5%, co que achega 3,3 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 8,4% e o *Comercio ao retalho* un 9,9%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 12,0%, o *Comercio ao retalho* o 10,3% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 9,1%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 1,8%. Rexistran incrementos na súa facturación as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 23,6%, a *Hostalería*, 21,9% e *Información e comunicacións*, 8,4%. En senso contrario, reducen a facturación o *Transporte*, -8,0% e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -5,8%.

En España, os *Outros servizos* crecen o 11,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse na *Hostalería* (23,0%), nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (14,3%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 10,7%.

No ano 2022, o índice xeral aumenta un 26,0% en Galicia e un 19,9% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 25,9% e os *Outros servizos* un 26,3%. España rexistra taxas inferiores, 19,7% no *Comercio* e 20,5% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (32,3%), *Transporte* (32,4%) e *Hostalería* (44,5%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 10,0% no mes de decembro.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 11,1% co que achega 4,2 puntos e a *Hostalería*, que cunha taxa do 21,8% suma 3,9 puntos a taxa de variación anual. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 13,5%.

No ano 2022, o índice rexistra unha taxa do 21,3%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (25,2%) e *Hostalería* (39,1%) mentres que diminúen as *Actividades administrativa e servizos auxiliares*, -1,1%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 8,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 11,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de decembro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (22,4%) e Canarias (16,5%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (3,2%) e Extremadura (4,1%).

No ano 2022, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (42,5%) e Canarias (32,4%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (10,0%) e Castilla - La Mancha (12,3%).

Índices de cifra de negocios. Decembro 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,2% respecto ao mes de decembro de 2021, 0,8 puntos menos que en España (2,0%).

O persoal ocupado crece un 0,9% no *Comercio* e un 1,4% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse na *Hostalería* (5,1%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,3%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,2%), o *Transporte* (-0,3%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-2,7%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores agás nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,1%). Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (5,4%) e *Hostalería* (4,5%).



No conxunto do ano, a ocupación crece un 2,5% en Galicia e un 3,9% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 9,6% en Galicia e 10,3% en España. O *Transporte e a Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran taxas negativas en Galicia, -0,8% e -1,1% respectivamente, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2021 agás Cantabria (-1,9%), Aragón (-1,1%) e Castilla y León (-0,5%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (5,8%) e Canarias (3,7%).

No ano 2022, o persoal ocupado aumenta en todas as comunidades autónomas. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (12,9%) e Canarias (5,9%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (0,4%) e Castilla y León (1,3%).

Índices de persoal ocupado. Decembro 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2022 |
| Galicia | | | |
| Xeral | 172,0 | 5,8 | 26,0 |
| Comercio | 168,4 | 7,4 | 25,9 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 130,9 | 8,4 | 12,4 |
| Comercio por xunto | 178,6 | 6,5 | 32,3 |
| Comercio ao retalho | 151,7 | 9,9 | 10,3 |
| Outros servizos | 182,2 | 1,8 | 26,3 |
| Transporte | 225,7 | -8,0 | 32,4 |
| Hostalería | 115,9 | 21,9 | 44,5 |
| Información e comunicacións | 165,0 | 8,4 | 15,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 215,8 | 23,6 | 9,2 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 111,3 | -5,8 | 11,6 |
| España | | | |
| Xeral | 157,1 | 11,1 | 19,9 |
| Comercio | 161,0 | 11,2 | 19,7 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 142,4 | 9,1 | 8,1 |
| Comercio por xunto | 168,9 | 12,0 | 24,7 |
| Comercio ao retalho | 151,2 | 10,3 | 12,4 |
| Outros servizos | 150,0 | 11,0 | 20,5 |
| Transporte | 143,3 | 6,4 | 22,1 |
| Hostalería | 113,3 | 23,0 | 44,4 |
| Información e comunicacións | 148,6 | 8,7 | 8,7 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 204,1 | 10,7 | 10,7 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 133,3 | 14,3 | 30,7 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por IGE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2022 |
| Galicia | | | |
| Xeral | 164,3 | 10,0 | 21,3 |
| Comercio | 167,9 | 11,1 | 23,2 |
| Transporte | 193,3 | 1,6 | 25,2 |
| Hostalería | 122,2 | 21,8 | 39,1 |
| Información e comunicacións | 165,5 | 7,9 | 18,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 208,1 | 24,0 | 9,9 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 118,3 | -13,5 | -1,1 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por IGE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
 Decembro 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------|---------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2022 |
| ESPAÑA | 157,1 | 11,1 | 19,9 |
| Andalucía | 154,8 | 10,9 | 17,4 |
| Aragón | 153,9 | 9,2 | 16,6 |
| Asturias | 153,3 | 10,3 | 15,4 |
| Baleares, Illes | 116,6 | 22,4 | 42,5 |
| Canarias | 148,7 | 16,5 | 32,4 |
| Cantabria | 159,2 | 5,6 | 14,0 |
| Castilla y León | 146,4 | 9,6 | 13,4 |
| Castilla-La Mancha | 158,5 | 7,3 | 12,3 |
| Cataluña | 147,1 | 11,1 | 18,8 |
| Comunitat Valenciana | 153,1 | 6,6 | 15,3 |
| Extremadura | 152,2 | 4,1 | 13,0 |
| GALICIA | 172,0 | 5,8 | 26,0 |
| Madrid | 171,3 | 14,1 | 23,1 |
| Murcia | 148,9 | 3,2 | 10,0 |
| Navarra | 159,6 | 12,1 | 20,8 |
| País Vasco | 157,8 | 12,5 | 16,2 |
| Rioja, La | 163,4 | 9,6 | 13,0 |

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|---|--------|----------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2022 |
| Galicia | | | |
| Xeral | 109,1 | 1,2 | 2,5 |
| Comercio | 111,1 | 0,9 | 1,8 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 95,0 | -2,2 | -1,1 |
| Comercio por xunto | 124,2 | 1,5 | 1,0 |
| Comercio ao retalho | 107,0 | 1,0 | 2,8 |
| Outros servizos | 107,5 | 1,4 | 3,1 |
| Transporte | 103,3 | -0,3 | -0,8 |
| Hostalería | 97,2 | 5,1 | 9,6 |
| Información e comunicacións | 117,3 | 2,4 | 3,1 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 113,7 | 3,3 | 2,4 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 116,4 | -2,7 | 0,4 |
| España | | | |
| Xeral | 110,0 | 2,0 | 3,9 |
| Comercio | 108,6 | 1,0 | 1,9 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 105,4 | 1,1 | 1,2 |
| Comercio por xunto | 113,3 | 1,5 | 1,6 |
| Comercio ao retalho | 106,2 | 0,7 | 2,2 |
| Outros servizos | 110,8 | 2,7 | 5,3 |
| Transporte | 112,1 | 3,0 | 3,2 |
| Hostalería | 99,3 | 4,5 | 10,3 |
| Información e comunicacións | 120,8 | 5,4 | 5,5 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 112,5 | 2,7 | 3,1 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 117,5 | -0,1 | 3,6 |

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
 Decembro 2022

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------|---------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2022 |
| ESPAÑA | 110,0 | 2,0 | 3,9 |
| Andalucía | 107,3 | 1,9 | 4,1 |
| Aragón | 107,4 | -1,1 | 0,4 |
| Asturias | 105,6 | 0,8 | 2,5 |
| Baleares, Illes | 95,4 | 5,8 | 12,9 |
| Canarias | 107,3 | 3,7 | 5,9 |
| Cantabria | 104,8 | -1,9 | 2,0 |
| Castilla y León | 102,6 | -0,5 | 1,3 |
| Castilla-La Mancha | 111,4 | 2,0 | 3,5 |
| Cataluña | 113,6 | 3,3 | 5,1 |
| Comunitat Valenciana | 112,3 | 0,7 | 2,5 |
| Extremadura | 109,1 | 2,4 | 4,5 |
| GALICIA | 109,1 | 1,2 | 2,5 |
| Madrid | 112,7 | 2,9 | 4,2 |
| Murcia | 114,6 | 1,2 | 3,0 |
| Navarra | 108,9 | 0,1 | 2,7 |
| País Vasco | 106,4 | 0,1 | 1,7 |
| Rioja, La | 108,8 | 0,7 | 1,6 |

Fonte: NE